



Poemas¹

Chus Pato²

[I]

O meu olor é unha amálgama de dentes de lura indixeribles
coa textura da turba
exiliouse aquí
onde envorcas o cerebro
baixo terra
O meu olor
ten a cor da tira de pel coa que marcas as páxinas
gris
ámbar
de cachalote
coma un bloque de granito e óleo
achegándose

[II]

Non as lembro
non podo tomarlles fotografías
nútrense do alento da terra
son secuencias
preto da raia da alba
adquiren a consistencia de palabras
olen a caverna a hibernación
Indican que a terra é a mente
e agarda

¹ Selección de tres poemas pertencentes a *Sonora* (Xerais, 2023), Premio Nacional de Poesía 2024.

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Chus_Pato; <https://academia.gal/membro/-/membro/chus-pato>.

[III]

Coa mesma igualdade
que aves talladas en basalto emiten desde os ollos
un púlsar esmeralda
así fragmentos de rocha lingua
esfráganse para sobrevoar un océano

contra vós

somos o púlsar das aves
a rocha lingüística
toda potencia calquera virtualidade
unha exposición infinita
un infinito de dor

non cruzamos correspondencias